

## ANEXO 2

## Novo anexo III da orde que se modifica

De conformidade co disposto no Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (BOE do 4 de marzo), o ministro de Educación e Ciencia acordou:

Que o título de (título estranxeiro), obtido por (nome e apelidos), nacido o (data de nacemento), de nacionalidade (...), na (universidade ou centro de educación superior) de (localidade e país) quede homologado ao grao académico de (grao académico co que se concede a homologación).

Esta homologación concédelle ao título estranxeiro indicado os mesmos efectos do grao académico universitario español co cal se homologa, en todo o territorio nacional. Non supón en ningún caso a homologación a un título concreto dos incluídos no Catálogo de títulos universitarios oficiais, nin produce os efectos profesionais que a normativa vixente lles reserva exclusivamente a estes.

Na súa virtude, esta Subdirección Xeral de Títulos, Validacións e Homologacións expide a presente credencial, que acredita os efectos da devandita homologación desde a súa data de expedición.

Madrid, ..... -O subdirector xeral,

(N.º de inscrición na sección especial do Rexistro Nacional de Títulos)

## MINISTERIO DE XUSTIZA

**9874** *REAL DECRETO 685/2005, do 10 de xuño, sobre publicidade de resolucións concursais e polo que se modifica o Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, en materia de publicidade rexistral das resolucións concursais. («BOE» 139, do 11-6-2005.)*

A adecuada publicidade do concurso de acredores ten grande importancia para o cumprimento dos fins da institución concursal. Esta importancia explica que a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, dedícase especificamente a esta materia tres artigos (artigos 23, 24 e 198) e que sexan abundantes as referencias á publicidade que aparecen dispersas no articulado. En primeiro lugar, a lei trata de asegurar a publicidade simplemente informativa ou «publicidade-noticia» da declaración do concurso e doutras resolucións que se diten ao longo do procedemento (artigo 23); en segundo lugar, exige a correspondente constancia rexistral nos rexistros xurídicos de persoas e de bens (artigo 24); e, en fin, prevé a existencia dun sistema que «asegure o rexistro público das resolucións ditadas en procedementos concursais declarando concursados culpables e acordando a designación ou inhabilitación dos administradores concursais» a través do Ministerio de Xustiza (artigo 198). Para a organización e funcionamento deste sistema atribúeselle ao Goberno unha ampla marxe de discrecionalidade.

É certo que non se pode nin se debe confundir a publicidade rexistral das resolucións concursais inscrites

nos rexistros de persoas a que se refire o artigo 24 e concordantes da Lei 22/2003, do 9 de xullo, coa publicidade simplemente informativa prevista no seu artigo 198. O seu contido é diferente por dar a coñecer distintos tipos de resolucións concursais e porque os efectos xurídicos dunha e outra non son coincidentes. A inscrición nun rexistro público reviste o inscrito do carácter de verdade oficial, de maneira que o Estado protexe o terceiro que confía na aparencia tabular. Como é obvio, o rexistro de resolucións concursais proporciona unha parcial publicidade informativa legal que non supe a que subministran os rexistros de persoas nin pode aspirar a cumprir a súa función.

Con todo, non é menos certo que é tan lexítimo como razoable o propósito de asegurar mediante unha única plataforma técnico-informática a transparencia informativa e a divulgación estatística máis completas posibles de toda a información concursal relevante para o tráfico. Mal servizo prestaría á seguridade xurídica e á transparencia o deseño adicional doutro «rexistro» (e este moi parcial, dado o minguado contido específico que determina o artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo) con que complicar aínda máis o fragmentado e desarticulado panorama rexistral español. Preténdese que a publicidade sexa coherente e útil para os interesados; e preténdese tamén que, a través dun coordinado sistema de publicidade, as resolucións xudiciais máis significativas do curso de acredores se poidan difundir por «medios telemáticos, informáticos e electrónicos, na forma que regulamentariamente se determine», como sinala de modo expreso a lei, garantindo, ao mesmo tempo, a seguridade e a integridade das comunicacións (artigo 23).

Antes que regular un novo rexistro, neste real decreto deséñase un procedemento que asegura unha publicidade coordinada de toda a información concursal relevante (no só a das resolucións que declaren concursados culpables e acorden a designación ou inhabilitación dos administradores concursais) calquera que sexa a natureza ou forma xurídica do concursado, persoa física ou xurídica, fose ou non inscrite o devandito concursado no Rexistro Mercantil. Para tal fin, dáselles carta de natureza a dous portais distintos na internet: o portal xestionado polo Colexio de Rexistradores da Propiedade, Bens Móbiles e Mercantís de España, onde se publican as resolucións concursais inscrites nos rexistros de persoas, e o portal baixo a responsabilidade do Ministerio de Xustiza, que informa do contido das resolucións concursais referidas no artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo. Por razóns obvias, a difusión informativa das resolucións inscrites nos rexistros de persoas diferentes do Rexistro Mercantil advertirá da posible ineficacia substantiva derivada da non-inscrición naqueles.

O real decreto non só garante o acceso público e gratuito en equivalentes condicións aos dous sistemas de publicidade legal na internet das resolucións concursais, senón que tamén asegura a súa coordinación. A articulación de ambos os sistemas rexistrais conséguese mediante o deseño dun circuíto de transferencia de información que parte do correspondente órgano xurisdiccional, pasa pola oficina local do Rexistro Mercantil que procesa e tramita a información xudicial e chega á unidade central encargada da xestión do portal. Para conseguir que se poida procesar toda a información concursal (non só a inscrite no Rexistro Mercantil), engádeselle unha nova función ao elenco das funcións rexistrais enumeradas no artigo 2 do Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo. En efecto, a pluralidade de rexistros públicos ou, se se prefire, a fragmentación da publicidade rexistral de persoas xurídicas (rexistros central e autonómicos de fundacións, asociacións, cooperativas, sociedades agrarias de transformación, etc.), aconsellou articular a través do Rexistro Mercantil a inserción na rede das resolucións

concurrais que recaian en procedementos xudiciais de persoas que non sexan inscrites no devandito rexistro. Optouse por unha solución pragmática que respecte escrupulosamente as distintas competencias na materia e asegure a obtención da información na fonte mesma, a través do duplicado da resolución que o secretario xudicial ten a obriga de lle remitir ao rexistrador mercantil do domicilio do concursado para que este proceda á correspondente inserción no sistema de publicidade que se instaura.

O real decreto procede tamén a modificar o Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, para adaptar o réxime xurídico da publicidade rexistral en sentido estrito ao establecido na Lei 22/2003, do 9 de xullo. Dun lado, e en canto á cualificación do rexistrador mercantil, aprovéitase a ocasión para establecer o seu deber de comprobar a posible existencia dunha causa de inhabilitación para a representación de intereses alleos con carácter previo á inscrición dun cargo ou dun apoderamento. Desta maneira, o control de legalidade residenciado no rexistrador mercantil convértese en instrumento para lles dar efectividade práctica ás sentenzas de cualificación do concurso como culpable. Por outra parte, a instauración desa publicidade a través da internet priva de sentido a que a información se duplique no Rexistro Mercantil Central e no Boletín Oficial del Registro Mercantil, o que permite a eliminación dun custo e abarata o conxunto do sistema da publicidade concursal. Deste modo, iníciase unha transposición parcial daquela normativa comunitaria que, aínda que referida estritamente ao ámbito das sociedades de capital, lles permite aos Estados membros da Unión Europea a eliminación do boletín en soporte papel.

Cómpre destacar que este real decreto lle encomenda a efectiva prestación deste novo servizo público de difusión e publicidade da información concursal ao Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España, que dispón da capacidade operativa necesaria para iso e, en todo caso, asume calquera custo económico que puidese comportar a súa aplicación.

Este real decreto someteuse ao informe do Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España, da Axencia Española de Protección de Datos e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa autorización previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xuño de 2005,

## DISPÓN O :

### CAPÍTULO I

#### Disposicións directivas

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o réxime de difusión e publicidade das resolucións xudiciais dadas ao abeiro da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

### CAPÍTULO II

#### Publicidade de resolucións concursais previstas no artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal

##### Artigo 2. *Sistema de publicidade.*

1. A publicidade das resolucións xudiciais dadas previstas no artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, con-

cursal, realizarase a través dun portal na internet baixo a responsabilidade do Ministerio de Xustiza.

2. A xestión material do servizo de publicidade encoméndaselle ao Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España, que a realizará ás súas expensas.

##### Artigo 3. *Inclusión na rede das resolucións xudiciais.*

O rexistrador mercantil correspondente ao lugar do domicilio do concursado xestionará o tratamento dos datos e a súa remisión ao Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España nos termos previstos no artigo 9.

##### Artigo 4. *Estrutura e contido do portal.*

1. O contido do portal na internet estrutúrase nas seguintes seccións:

- a) Sección primeira, de debedores concursados.
- b) Sección segunda, de administradores, liquidadores e apoderados inhabilitados
- c) Sección terceira, de administradores concursais.

2. As seccións estarán ordenadas por orde alfabética de apelidos, no caso de persoas naturais ou de herdanzas, ou de denominacións, no caso de persoas xurídicas.

##### Artigo 5. *Alcance da publicidade.*

1. En relación con cada unha das resolucións obxecto de publicidade, expresaranse os seguintes datos:

- a) A identidade do concursado e o número de identificación fiscal, se o tivese.
- b) A denominación e número do xulgado ou do tribunal que a ditase, a identidade do xuíz ou, no caso de tribunais colexiados, do relator, o número de autos e a data da resolución, con expresa indicación de se é ou non firme.
- c) Se fose inscrite no Rexistro Mercantil, o asento causado.

No caso de concurso de acredores declarados conxuntamente ou acumulados, expresaranse esta circunstancia, con indicación da identidade dos demais concursados.

2. Na sección de administradores concursais, expresaranse os nomeamentos e separacións como administrador concursal ou auxiliar delegado, con indicación da denominación e número de xulgado ou do tribunal que os acordase; a identidade do xuíz ou, no caso de tribunais colexiados, do relator; o número de autos; a data da resolución, con expresa indicación de se é ou non firme; e, se fose inscrite no Rexistro Mercantil, o asento causado. Respecto das inhabilitacións, transcribírase a parte dispositiva da sentenza de cualificación que as acordase.

##### Artigo 6. *Acceso á información do portal.*

1. O acceso ao portal da internet será público, grauíto e permanente.

2. O portal na internet conterá os correspondentes enlaces seguros á base de datos pública dos rexistradores mercantís para que o interesado poida contrastar a información con que conste no Rexistro Mercantil en que se encontre inscrito o suxeito declarado en concurso de acredores.

3. A publicidade das inhabilitacións contidas nas sentenzas de cualificación que non sexan firmes estará restrinxida aos órganos xurisdiccionais. Para estes efectos, o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España, de conformidade co Consello Xeral do Poder Xudicial, adoptará as medidas necesarias

para asegurar a identidade e lexitimidade dos solicitantes da información.

#### Artigo 7. *Estatística.*

O Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España elaborará e remitiralle ao Instituto Nacional de Estatística a estatística relativa á información que se difunda a través do portal.

#### Artigo 8. *Protección de datos persoais.*

1. Para os efectos do establecido polo artigo 20.2 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal:

a) A finalidade e o uso do «Ficheiro de Resolucións Concursais» son os previstos no artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo.

b) As persoas das cales se obterán datos serán aquelas a que se refire o devandito artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo.

c) Os datos serán obtidos das correspondentes resolucións xudiciais.

d) A estrutura do ficheiro e os datos persoais incluídos nel axustaranse ao establecido nos artigos 4 e 5.

e) Os datos indicados serán públicos, consonte o artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, na forma indicada no artigo 6 deste real decreto.

f) O responsable do ficheiro é o Ministerio de Xustiza.

g) O encargado do ficheiro é o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España.

h) Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición exerceranse ante o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España.

i) Aplicaranse a este ficheiro as medidas de seguridade de nivel medio.

2. Os datos incluídos no ficheiro serán cancelados cando cesen os seus efectos, nos termos que, respecto de cada resolución, estableza a lexislación aplicable, para o cal en cada información incorporada ao ficheiro se expresará o seu prazo de vixencia.

### CAPÍTULO III

#### **Tratamento da información concursal polo rexistrador mercantil e reforma do Regulamento do Rexistro Mercantil**

#### Artigo 9. *Remisión e tratamento polo Rexistro Mercantil dos datos relativos ás resolucións concursais suxeitas a publicidade.*

1. Correspóndelles aos rexistradores mercantís competentes por razón do domicilio do concursado a función de tratamento e remisión da información relativa:

a) Ás resolucións ditadas en procedementos concursais que declaren concursados culpables e acorden a designación ou inhabilitación dos administradores concursais cuxo rexistro público debe asegurar o Ministerio de Xustiza en aplicación do que dispón o artigo 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo.

b) Ás demais resolucións concursais inscrites en calquera rexistro público de persoas e que se teñan que publicar no portal na internet do Colexio de Rexistradores nos termos previstos no artigo 324 do Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo.

2. Cando se trate das resolucións xudiciais previstas na alínea a), en todo caso, e das previstas na alínea b), só cando se refiran a entidades non inscrites no Rexistro Mercantil, o secretario do xulgado en que se estea tramitando o concurso ou, se é o caso, o da sección da audiencia provincial que coñeza dos recursos interpostos contra as resolucións do xuíz do concurso, remitiranlle, na mesma data en que esta se lles notifique ás partes comparecidas no concurso, ao rexistrador mercantil do lugar correspondente ao domicilio do concursado, o testemuño da resolución xudicial no primeiro suposto, ou o correspondente duplicado do mandamento a que se refire o artigo 24.5 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, no segundo suposto.

Cando o concursado fose inscrite no Rexistro Mercantil, o xuíz acordará expedir e entregarlle ao procurador do solicitante do concurso os mandamentos necesarios para a práctica dos correspondentes asentos.

3. O rexistrador mercantil remitirá inmediatamente a información procesada ao Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España para a súa inclusión no portal correspondente. A inhabilitación tamén se comunicará ao índice centralizado de incapacitados do mesmo Colexio.

#### Artigo 10. *Reforma do Regulamento do Rexistro Mercantil en materia de publicidade rexistral das resolucións concursais.*

O Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádeselle unha alínea d) ao artigo 2, coa seguinte redacción:

«d) A centralización e a publicación da información de resolucións concursais na forma prevista no Real decreto 685/2005, do 10 de xuño.»

Dous. Engádesse un artigo 61 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 61 bis. *Cualificación de títulos relativos a nomeamentos.*

A cualificación dos títulos relativos ao nomeamento de calquera persoa natural ou xurídica como administrador, liquidador ou apoderado de suxeito inscrito no Rexistro Mercantil exixirá a previa comprobación do índice centralizado de incapacitados do Colexio de Rexistradores para comprobar a eventual existencia dunha inhabilitación vixente das previstas no artigo 172.2.2.º da Lei 22/2003, do 9 de xullo. Do resultado da comprobación deixará o rexistrador constancia na nota de cualificación e na acta de inscrición.»

Tres. O punto 7.º do artigo 87 queda redactado nos seguintes termos:

«7.º As resolucións xudiciais inscrites relativas ao concurso, voluntario ou necesario, principal ou acumulado, do empresario individual.»

Catro. O parágrafo 9.º do punto 1 do artigo 94 queda redactado nos seguintes termos:

«9.º As resolucións xudiciais inscrites relativas ao concurso, voluntario ou necesario, principal ou acumulado, da sociedade e as medidas administrativas de intervención.»

Cinco. O parágrafo 11.º do artigo 270 queda redactado nos seguintes termos:

«11.º As resolucións xudiciais inscrites relativas ao concurso, voluntario ou necesario, principal

ou acumulado, da caixa de aforros e as medidas administrativas de intervención de conformidade co previsto nos artigos 320 e seguintes.»

Seis. A rúbrica do capítulo XIII do título II queda redactada nos seguintes termos:

#### «CAPÍTULO XIII

##### **Da inscrición das situacións concursais e doutras medidas de intervención»**

Sete. A rúbrica e o contido da sección 1.<sup>a</sup> do capítulo XIII quedan redactados nos seguintes termos:

#### «SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DA INSCRICIÓN DAS SITUACIÓNS CONCURSAIS E DA SÚA PUBLICIDADE

##### **Artigo 320. Inscrición do concurso.**

1. Na folla aberta a cada empresario individual, sociedade ou entidade inscristible inscribíranse:

a) Os autos de declaración e de reapertura do concurso voluntario ou necesario.

b) O auto de apertura da fase de convenio; a sentenza de aprobación do convenio; a sentenza que declare o incumprimento do convenio, e a sentenza que declare a nulidade do convenio.

c) O auto de apertura da fase de liquidación, o auto de aprobación do plan de liquidación e, se é o caso, o auto que reflecta a adopción de medidas administrativas que comporten a disolución dunha entidade e que exclúen a posibilidade de declarar o concurso.

d) O auto de conclusión do concurso e a sentenza que resolve a impugnación do auto de conclusión.

e) O auto de formación da sección de cualificación e a sentenza de cualificación do concurso como culpable.

f) Cantas resolucións dite o xuíz do concurso en materia de intervención ou suspensión das facultades de administración e disposición do concursado sobre os bens e dereitos que integran a masa activa.

2. No caso de declaración conxunta do concurso de varios debedores e no caso de acumulación de concursos, farase constar esta circunstancia na folla aberta a cada un dos debedores, con expresión da identidade dos demais.

##### **Artigo 321. Título de inscrición.**

1. Os asentos a que se refire o artigo anterior practícaranse en virtude de mandamento xudicial, en que se expresará necesariamente se a resolución correspondente é ou non firme. Entrementes non sexa firme, será obxecto de anotación preventiva.

2. Se a resolución contivese algún pronunciamiento en materia de intervención ou suspensión das facultades de administración e disposición do concursado sobre os bens e dereitos que integran a masa activa, o mandamento deberá identificar os bens e dereitos inscritos en rexistros públicos se os datos constasen nas actuacións.

##### **Artigo 322. Inscrición no Rexistro Mercantil.**

1. Na inscrición que se practique na folla aberta ao suxeito inscristo transcribírase a parte dispositiva da resolución xudicial, con expresión do nome e número do xulgado ou do tribunal que a ditase, a identidade do xuíz ou, no caso de tribunais colexiados, do relator, o número de autos e a data da resolución.

2. Se non estivese inscristo no Rexistro Mercantil o empresario individual que fose declarado en concurso de acredores, procederase, con carácter previo, á súa inscrición en virtude dun mandamento xudicial, que deberá conter as circunstancias necesarias para a devandita inscrición.

3. Se non estivese inscrita no Rexistro Mercantil a sociedade mercantil que fose declarada en concurso de acredores, procederase á súa inscrición. No caso de que faltase a escritura de constitución, a inscrición practícarase en virtude dun mandamento xudicial, que deberá conter, polo menos, a denominación e o domicilio da sociedade e a identidade dos socios de que o xuíz teña constancia.

##### **Artigo 323. Remisión de datos ao Colexio de Rexistradores e aos rexistros públicos de bens.**

1. O mesmo día en que se practicase o correspondente asento, os rexistradores mercantís remitiránlle ao Colexio de Rexistradores os datos necesarios para a inserción do contido das resolucións xudiciais no portal da internet a que se refire esta mesma sección e farán constar a expresada remisión por nota na marxe do asento practicado.

2. En cada remisión indícarase o número relativo que lle corresponda dentro do ano, a data da remisión e a clave que indique a súa autenticidade.

3. Os rexistradores mercantís non lle remitirán os datos a que se refire o punto 1 ao rexistrador mercantil central.

4. Se os datos relativos aos bens que constasen nas actuacións e no mandamento fosen suficientes, o mesmo día en que se practicase o correspondente asento, os rexistradores mercantís remitirán unha certificación do contido da resolución ditada polo xuíz do concurso ao Rexistro da Propiedade, ao Rexistro de Bens Móbiles ou a calquera outro rexistro público de bens competente.

5. A comunicación aos rexistros públicos de bens será telemática e estará autorizada coa sinatura electrónica do rexistrador mercantil ou, se non fose posible, realizarase mediante correo certificado urxente, con xustificante de recepción. Esta certificación será título bastante para practicar os correspondentes asentos.

##### **Artigo 324. Publicidade informativa das resolucións concursais inscristibles nos rexistros públicos de persoas.**

1. Ademais da publicidade formal que deba dar o rexistrador mercantil competente das resolucións xudiciais inscritas ou anotadas no seu rexistro, o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Móbiles de España difundirá gratuitamente a través da internet a publicidade informativa das resolucións xudiciais relativas a debedores concursados, aínda que estes non fosen inscristibles no Rexistro Mercantil. En ningún caso se dará alí información das persoas naturais que non sexan empresarios.

2. A información contida no portal estará organizada por orde alfabética de apelidos, no caso de persoas naturais, ou de denominacións, no caso de persoas xurídicas, e publicará o contido das resolucións relativas ao debedor concursado enumeradas no artigo 320.

3. En relación coa información de concursados non inscristibles no Rexistro Mercantil, advertirase expresamente do seu carácter simplemente informativo, e quedarán sempre a salvo os efectos derivados da inscrición ou, se é o caso, da falta de publicidade no correspondente rexistro público de

persoas a que se refire o artigo 24.3 da Lei 22/2003, do 9 de xullo.

4. O Colexio de Rexistradores publicará nunha sección especial de edictos concursais do mesmo portal na internet, sen custos para o interesado, o contido das notificacións, comunicacións e trámites do procedemento tales como os anuncios de convocatoria das xuntas de acredores, a formulación dos informes da Administración concursal con reprodución do seu contido e calquera outro previsto no artigo 23 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, cando o xuíz, por petición de parte ou de oficio, acordase esta forma de publicidade oficial complementaria.

Artigo 325. *Cancelación de asentos.*

1. As anotacións preventivas de situacións concursais cancelaranse de oficio ou por instancia de parte unha vez transcorrido o prazo de caducidade.

2. Os asentos relativos ao convenio cancelaranse mediante o mandamento xudicial ou testemuño do auto de conclusión do concurso por cumprimento do convenio.

3. Os demais asentos relativos a situacións concursais, salvo os referentes á sentenza de cualificación, serán cancelados mediante mandamento ou testemuño do auto de conclusión do concurso.

4. Os asentos relativos á cualificación do concurso de acredores serán cancelados polo rexistrador, de oficio ou por instancia de parte, unha vez transcorrido un mes desde a data en que finalizase a inhabilitación.

5. A folla rexistral da entidade extinguida como consecuencia da conclusión do concurso de acredores cancelárase en virtude do mandamento ou testemuño do auto de conclusión, unha vez que sexa firme.»

Disposición adicional única. *Entrada en funcionamento do portal.*

O ministro de Xustiza determinará a data de entrada en funcionamento do portal da internet, mediante orde que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria única. *Resolucións concursais anteriores.*

O Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España adoptará as medidas necesarias para incluír no portal o contido das resolucións concursais que se ditasen desde a entrada en vigor da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

O ministro de Xustiza poderá ditar cantas disposicións e resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Coordinación da publicidade.*

O ministro de Xustiza, mediante orde, establecerá as exixencias tendentes a asegurar a coordinación entre a publicidade rexistral e a información pública das resolucións concursais, de forma que se permita o acceso unificado a toda a información relevante das situacións concursais nunha única plataforma técnico-informática pública.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,

JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**9875**

*REAL DECRETO 687/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, para regular o réxime especial de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes, e se eleva a porcentaxe de gastos de difícil xustificación dos agricultores e gandeiros en estimación directa simplificada. («BOE» 139, do 11-6-2005.)*

A Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, introduciu con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004 un novo punto 5 no artigo 9 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias. No devandito punto, actualmente recollido no punto 5 do artigo 9 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, establécese a posibilidade de que as persoas físicas que adquiran a súa residencia fiscal en España como consecuencia do seu desprazamento a territorio español poidan optar por tributar polo imposto sobre a renda de non-residentes nos termos e condicións sinalados no citado precepto.

Co obxecto de desenvolver o contido deste réxime especial e concretar certos aspectos necesarios para a súa aplicación, considérase oportuno incorporar ao Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, e ao abeiro da habilitación xeral prevista na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, un novo título en que se regule o réxime especial de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes.

O real decreto que agora se aproba estrutúrase nun artigo, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira.

No artigo único apróbase un novo título, o VII, do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, que comprende os artigos 111 a 118, e que vén regular o novo réxime especial.

En primeiro lugar, abórdase o ámbito de aplicación e especificase cando se consideran cumpridos algúns dos requisitos necesarios para poder optar, en particular, cando se considera cumprido o requisito de que os traballos se realicen efectivamente en España.

Así mesmo, desenvólvese o contido do réxime especial e efectúanse as correspondentes remisións á norma-